

## A CORUÑA

Miguel Anxo Murado, Hélia Correia, Alberto Manguel e Docampo completan o ciclo literario

# O arxentino Juan Gelman inaugura o luns o terceiro Encontro “Cidade da Coruña”

M.G.M. > A CORUÑA

■ A terceira edición do Encontro “Cidade da Coruña” levará ás letras de viaxe da man dos autores Juan Gelman, Miguel Anxo Murado, Hélia Correia, Alberto Manguel e Xabier P. Docampo, en “Literatura e viaxe”.

O ciclo comezará este luns coa presenza do poeta arxentino Juan Gelman na cidade, considerado por moitos como o mellor expoñente do xénero en lingua española e cunha obra marcada polo golpe de estado do seu país, que se traduciu en traxedia persoal con dous fillos desaparecidos.

O autor falará do libro “Baixo chuvia allea”, publicado despois dos feitos que o levaron a un parón creativo de anos. A concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, repasaba onte a traxectoria dos participantes.

Dun Xabier P. Docampo, premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1995, que dicía que todas as viaxes son un regreso e que un retorna a casa no mesmo momento que pon un pé fóra dela, a un Alberto Manguel de compoñentes éticos.

A súa presenza aportará datos da súa ampla experiencia nos campos do teatro e a escrita, “un verdadeiro estudoso da lectura, que estará o 19 de maio con “Viaxes imaxinarias”.

Alberto Manguel falará, o 11 de maio, de “O camiño da lectura”. O que tilda como heroes ao bibliotecarios e mestres, relacionará o hábito de engullir páxinas cun acto de rebeldía nunha actividade, onde Miguel Anxo Murado porá en común o vivido en tempos de guerra, xunto as súas aportacións como guionista de series de televisión e director do filme “La ley de la frontera”, na que reflexiona sobre como o Miño separa de



Cesáreo Sánchez, de Aelga, e a concelleira María Xosé Bravo presentaron o programa no Concello

O apartado terá lugar ás oito da tarde na Real Academia e levará ás letras de viaxe

forma inxusta dous pobos irmáns como Galicia e Portugal.

O mesmo escritor aseguraba que “o amor pola lectura é algo que se aprende pero non se ensina”, lembraba Bravo.

O apartado incide no obxectivo co que a Concellería de Cultura programou a campaña de lectura para 2010 que non é outro que buscar complicidades, con propostas divertidas pero tamén do

día a día. Pola súa parte, Cesáreo Sánchez, da Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelga), sinalaba que A Coruña era cidade literaria cando calquera actividade relacionada coa literatura conta cun respaldo popular importante en todos os casos.

O feito de traer a autores deste calibre é para o representante do sector un “soño cumprido”, cun Manguel comprometido co ser humano, e un Gelman a punto de chegar aos oitenta anos, que vén de editar un libro co ilustrador co que comparte exilio, en México.

De Alberto Manguel, Sánchez sinalaba que “calquera cousa sobre a que reflexiona ten un fondo enciclopédico”, dun fillo da Ilustración que deu en proxectar a historia da lectura.

## A feminidade e os contos populares

■ A escritora Hélia Correia será a única representante feminina, o vindeiro 5 de maio, con “A poeira falante”. Cesáreo Sánchez explicaba que a súa narrativa caracterízase por ser reivindicativa e con moitas influencias do 25 de abril, impregnada dunha linguaxe poética, da palabra oral e os contos populares portugueses.

**Raúl Vázquez** > A fotografía do cartel que anuncia o ciclo foi feita polo coruñés Raúl Vázquez, gañador do certame sobre “Mentiras arredor da lingua galega”.